

#### ASISTENTES

Alonso Crespo, María Victoria  
Alonso Gómez, José Lorenzo  
Alonso Villar, M<sup>a</sup> Olga  
Álvarez González, Susana  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Álvarez Villamarín, José Carlos  
Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Area Carracedo, Iván Carlos  
Arévalo Tomé, Raquel  
Barbudo Sampedro, Aitor  
Barreiro Crespo, Juan Manuel  
Blanco Alonso, Fernando  
Bolaño García, Sandra  
Bravo Bosch, M<sup>a</sup> José  
Bringas López, Ana María  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel  
Chapela López, Sergio  
Comesaña Benavides, José Antonio  
Couto Darriba, Jesús  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Doval Ruiz, M<sup>a</sup> Isabel  
Durán Barbosa, Rafael  
Fariña Rodríguez, José  
Fernández Domínguez, Telmo  
Fernández Fdez., Federico A.  
Fernández Fustes, M<sup>a</sup> Dolores  
Fernández González, María  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
Fernández Román, Daniel  
Fernández Souto, Ana Belén  
Formella, Arno  
Gallardo Medina, Mercedes  
García Estévez, José Manuel  
García García, Óscar  
Garrido Campo, Julio  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
González González, Jaime  
González Penín, Ana Isabel  
Graña Sánchez, Andrés Lois  
Hernández Sánchez, Jesús  
Hervés Estévez, Javier  
Lago Ferreiro, Alfonso  
López Ardao, José Carlos  
López Escobar, Juan José  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Macías Cambra, Henrique  
Martínez Arribas, Fernando  
Martínez Gómez, Sandra María  
Méndez Martínez, Gonzalo Benito  
Méndez Reboredo, José Ramón  
Míguez Miramontes, Jesús Manuel  
Mociño González, María Isabel  
Mollinedo Lois, Carlos  
Otero Otero, Blanca  
Patiño Vilas, David  
Paz Penín, Concepción  
Peña Gallego, M.<sup>a</sup> Ángeles  
Pérez García, Uxía  
Pérez Peleteiro, Francisco  
Pérez Rodríguez, M. Rosa  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Piñero Vivas, Miguel Ángel  
Pita Carballo, José Luis  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Reboiro Jato, Miguel  
Reboreda Morillo, Susana  
Redondo Cervantes, Montserrat  
Rey Fraile, Manuel Ángel  
Río Otero, Coral del  
Riobóo Lois, Alexo Breogán  
Rivera Vázquez, Noelia María  
Rivo López, Elena  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> del Mar

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 19 de setembro de 2024, convocada ás 10:30 h en primeira convocatoria e ás 11:00 h en segunda no Paraninfo da Universidade de Vigo.

Previamente á sesión, a Mesa do Claustro sortea a letra para a quenda de intervencións: letra U.

Ás 10:00 h do día 19 de setembro de 2024 deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

### 1. Debate sobre a política de profesorado da Universidade de Vigo.

O reitor intervén en primeiro lugar, e despois haberá unha quenda de intervencións.

- As políticas de profesorado e de PDI deste equipo de goberno seguen sendo as marcadas na nosa folla de ruta que supón o noso programa de goberno, non hai mudanza, e son as seguintes: A primeira é a baixada das horas de docencia, no anterior mandato baixamos de 320 a 270, cando o que tiñamos marcado era baixar a 280, e propuxemos chegar a un máximo de 240 horas. Coa entrada en vigor da LOSU, este pasa a ser o límite máximo, polo que o traballo feito soamente houbo que aceleralo.
- Recoñecemento do dereito a promoción, de bolsas de acreditados a prazas de profesores titulares e catedráticos. Forma parte do programa de goberno.
- Estabilidade dos criterios de promoción, baseados basicamente na antigüidade e na acreditación. Intentamos chegar a un acordo con NOS universidade, pero non foi posible.
- Plan de promoción de profesorado asociado. Serviu no primeiro mandato, e neste últimos dous anos, do que o reitor síntese moi orgulloso. Neste momento cos cambios da LOSU e a situación nos departamentos estase a valorar a súa continuidade.
- Programa de novas prazas de axudante doutor: vista a situación das vindeiras xubilacións masivas, a de axudante doutor é a ferramenta fundamental para a remuda xeracional, así o vemos dende o equipo de goberno. Seguimos co compromiso, sempre que sexa viable orzamentariamente, da saída de 30 prazas anuais, e polo de agora estamos cumprindo escrupulosamente con ese compromiso.
- Persoal de máis de 63 anos, desgravación de 10 horas en cada curso académico, quedou do anterior mandato, e así quedou, non se modificou, segue sendo un agarimo.

Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Hernández, Cándido  
Rodríguez Martínez, Jairo  
Rodríguez Míguez, Eva M.<sup>a</sup>  
Rodríguez Pousa, Estela  
Sánchez Moreiras, Adela M<sup>a</sup>  
Santos Grandal, Juan  
Siota Álvarez, Mónica  
Soto González, M.<sup>a</sup> Mercedes  
Teixeira Bautista, Marta  
Valderrama Santomé, Mónica  
Vázquez Torres, Antonio  
Villanueva Villar, Mónica  
Yáñez Bouza, Nuria  
**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA**  
Alonso Vega, María Flora  
Álvarez Álvarez, María Salomé  
Alverte Pivida, Rodrigo  
Araujo Araujo, Pilar Aurora  
Boutinguiza Larosi, Mohamed  
Carballo Piñeiro, Laura  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Cruz González, Montserrat  
Cuevas Alonso, Miguel  
Currás Valle, María Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Dios Parada, Ana María  
Domínguez González, José Luis  
García Eirín, José Manuel  
Lameiro Diéguez, M.<sup>a</sup> Remedios  
Lima González, Estela  
López Lago, Marcos  
López Mira, Álvaro Xosé  
Lorenzo González, María de las Nieves  
Losada Barreiro, Sonia  
Martínez Piñeiro, Manuel  
Meis Solla, Iago  
Méndez Abelleira, Begoña  
Montero Reguera, José  
Novoa Fernández, Yolanda  
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón  
Pereira Rodríguez, Ana María  
Pérez Cota, Manuel  
Rivas Conde, Filemón  
Rivas Ferreiro, Mauro  
Rodríguez Álvarez, Lucía  
Rodríguez Daponte, María del Rocío  
Ruíz Hidalgo, María del Carmen  
Seijas Montero, María  
Solla Carracelas, María Mercedes  
Torres Romay, Emma  
Vaquero García, Alberto  
Vázquez Vicente, Xosé H.

prazas (déficit docente). Contratos-programa: co obxectivo de adaptar a LOSU, a remuda xeracional e reequilibrio de ámbitos, e procurando a corresponsabilidade dos departamentos, estase a traballar nos contratos programa. Estes acordos pasarán polo CG, e toda a comunidade universitaria saberá exactamente cales son os datos do contrato programa en todos e cada un dos departamentos atinxidos. Plan INTEGRA, aínda que acaban de comunicar que non se chamará Plan INTEGRA, non nos vai costar nada, esas 64 prazas adicionais, financiadas na súa totalidade, haberá cartos para que esas persoas poidan converterse en profesores titulares ou contratados doutores.

- Adiantamento da remuda xeracional: o persoal de 67 anos xa se contabiliza para saída de prazas como se xa estivera xubilado, polo que facilita a contratación de persoal novo que pode ser axudado pola experiencia do persoal que leva moito tempo na universidade.
  - Pagamento íntegro das pagas extras: incorporouse ao longo do anterior mandato, está normalizado, e forma parte dos orzamentos ano tras ano.
  - Negociación real na mesa de negociación do PDI. Acadáronse moitísimo acordos, practicamente todo o que chega a Consello de Goberno pasou pola mesa de negociación, e incluso algúns documentos mudan na mesa de negociación, o que da conta de que temos en consideración o que solicitan os representantes lexítimos do profesorado.
  - Segunda cuestión: este ano acumuláronse retrasos para diferentes normativas, como consecuencia da LOSU, o despregue completo dalgunhas ferramentas, algunhas non están aínda a funcionar como esperamos, hai erros cometidos e pedimos desculpas por iso. O reitor pide desculpas.
  - Terceiro, as liñas mestras das políticas de PDI do equipo de goberno seguen sendo as mesmas, con un par de cambios con respecto ao primeiro mandato: o primeiro foi a medida positiva para acadar igualdade entre homes e mulleres, que estableceuse como un plan piloto a 4 anos vista, con docencia cero á volta do permiso de maternidade, durante un ano, e docencia 50% o ano seguinte. Obtivo un respaldo case unánime da comunidade universitaria, se ben a profesora Coral del Río preferiu non apoiala. O segundo cambio que hai é a consideración para que computen na saída de prazas de novos criterios que fan que a necesidade dos departamentos sexan maiores pola política que facemos, e xa estamos contabilizando para saída de prazas (déficit docente).
- O reitor pide desculpas porque quizais non é bo comunicando. O plan vai para aquelas áreas con maiores necesidade docentes por Axudantes doutores que se contraten que pola LOSU pasan a dar menos horas. O reitor agradece ao Ministerio e moi especialmente á Xunta de Galicia, que pensou que era bo para a Universidade e dixo dende o inicio que ía dar cartos para esas prazas. Temos varios anos para sacalas, intentando adiantalas o máximo posible. Folla de ruta para contrato-programa: se terá negociado con todos os departamentos, pero non se vai asinar.

- O reitor respecta moitísimo á oposición e a todas as persoas que conforman o Claustro. aínda que se tiveran diferencias nos seguintes temas: O programa de promoción de asociados, á oposición non lle gustou o programa, pero foi moi bo para as persoas e para a universidade, aínda que xa non é preciso continuar con el, dependendo do que se trate na mesa de negociación do PDI. Criterios de promoción. Tras varios debates, ao non haber acordo, deixouse o criterio de antigüidade na acreditación, criterio no que o reitor confía plenamente. Medida positiva de baixa de maternidade: o primeiro ano docencia cero, o segundo 50%, como xa comentara antes. A cuarta diferenza que tivemos foi co número de promocións a cátedra, e a quinta diferenza que tivemos foi cos complementos específicos das pagas extras, que imaxina que non van saír no debate do día porque xa é algo bastante normalizado.

Conclúe o informe do reitor ás 11:25 h.

### **Quenda de intervencións.**

O reitor da inicio á quenda de intervencións coa letra “U”.

Intervén en primeiro lugar Xosé Carlos Álvarez Villamarín:

Fala do caos que estamos a vivir neste verán, a principio de curso, coa xestión de profesorado, coa política de profesorado. Os alumnos que están no claustro que saiban o que está ocorrendo, como docencia sen cubrir, decanatos que están plantexando xuntar grupos porque non hai xente disposta a traballar con contrato de invitado, en resumo, un caos. Un caos que ven dos últimos anos: catro vicerreitores de profesorado, dous deles cesados sen explicación algunha (aínda que un deles por cuestións médicas). Directores de departamento con moitos problemas. Vai tentar falar da política de profesorado, que esixe primeiro unha diagnose profunda, non sabe se o equipo de goberno a fixo, el pensa que non. O programa de asociados, é certo que a oposición estivo en contra, pero porque era unha ocorrencia, pactada con un colectivo que quería que lle dera o apoio, pero iso non é política de profesorado, iso é un pacto. Non é certo que abonar as pagas extras completas sexa política de profesorado, é unha cuestión salarial. Baleirar as bolsas de acreditados, tampouco lle parece política de profesorado, senón para as persoas que teñen acreditación. As cátedras son moitas, ata onde ten buscado, 171 cátedras, con moito sobrecusto anual, 11.000 euros, o que significa 1.900.000 mil euros mais de incremento da masa salarial anual. Ten un efecto no orzamento. Se non sacaran 171 cátedras, senón a metade, poderían sacarse 30 prazas de axudante doutor máis, é unha cuestión de decisión. Os recursos non son infinitos. O reitor tomou unha decisión, equivocada ao seu modo de ver, moi equivocada, moi influída pola situación persoal del de fai varios anos, pero Álvarez Villamarín non está de acordo. A redución a 240 horas é a única que lle parece política de profesorado. É a primeira vez que escoita ao reitor falar de desequilibrio entre ámbitos científicos. Voltando ao temas das cátedras, a acreditación non da dereito a ser catedrático, non existe en ningún sitio o dereito a ser catedrático. O reitor podería facer cos PTXAS o mesmo, dicindo que cando un PTXAS consiga o título de Grao sacariálle unha praza acorde coa súa nova titulación, tipo A. Podería facelo modificando a RPT e creando postos nivel A en todos os servizos. Iso é posible pero ten un custo. Teñen todos os PTXAS o dereito?, non. Pero aquí no tema das cátedras si, e el rebelase contra iso. O desequilibrio entre ámbitos científicos é tremendo. De acordo cos datos do curso 20-21, o 47% dos matriculados están no campo de ciencias sociais e xurídicas. En todos os demais campos científicos a porcentaxe de PDI supera a porcentaxe de estudantado. Só en ciencias xurídicas hai 14 puntos de diferenza. Para dar un dato máis claro, máis fino, podemos coller o total de matriculados por cada campos científico e dividilo entre o número de PDI a tempo completo nese momento. Ciencias:

9.6 estudantes por PDI. Ciencias Sociais e Xurídicas: 22 estudantes por PDI. Un PDI de ciencias xurídicas e sociais multiplica por tres a carga que teñen os de ciencias. O levan dicindo anos, pero o reitor fixo caso omiso as peticións. Como son Campos Científicos pouco uniformes, fala do seu campo: Economía-Empresa (3 centros, 4 titulacións): cada PDI ten unha media de 18 estudantes, o dobre que en Ciencias. Lle pregunta ao reitor cantas veces se reuniu con decanas ou decanos, ou directores de departamento deste ámbito para aplicar a diagnose e poñer en marcha medidas a medio prazo, e xa contesta el mesmo que 0 veces, incidindo en que o reitor é de Ciencias, e en que a bolsa de acreditados está maioritariamente en Ciencias. Da igual que nunha hora de clase teñas 3 estudantes ou 300. O desequilibrio é brutal, non se pode soportar mais. Tamén fala de que se crean novos títulos, pero non hai un programa de que como va a conseguirse profesorado de prestixio, senón que se reparte entre o profesorado que están na universidade. Non critica a medida da paga extra, pero cre que ten un custo. Non falou do desequilibrio entre ámbitos tampouco no seu momento. A política está sen facer, espera que a nova vicerreitora estude en profundidade esta cuestión, pero o reitor debe ter na cabeza o seu obxectivo. Opina que a política de profesorado é un caos absoluto.

O reitor cede a palabra a continuación a Iván Area:

Prometer é fácil, pero cumprir é un reto. A súa intervención xirará en torno a promesas incumpridas. Non atopou datos dos contratos en precario, nin das persoas nin do volume de horas que hai que contratar. É un volume de horas do PAS chamando a xente, organizando as listaxes, preparando o contrato, o PDI facendo a avaliación dos currículos, e todo iso non está. Fala tamén de que ven con propostas construtivas. Se refire ao Campus de Pontevedra, e a información de fai anos da cesión de terreos de TAFISA, así como da cesión da residencia da ONCE (información do 2006) para estudantes da UVIGO.

Naquela altura xa se falaba de que teríamos o POD feito no mes de febreiro. Fai tempo que falou de cambiar o procedemento para cambiar o POD. Debemos empregar as medias a tres ou cinco anos, que permite eliminar certas flutuacións. Soamente temos que lembrar o que se facía ante a COVID. Estamos dispostos a chegar a un acordo. Estamos dispostos a mellorar? Ou vamos a seguir con certos problemas como xa se manifestaron.

Despois fai referencia ao Campus de Ourense. Cando saímos no ano 1994 a manifestarnos para solicitar un Campus Digno, as ourensás e os ourensáns, solicitamos solución a algúns problemas, e algunhas das demandas daqueles tempos aínda seguen vixentes. Fala despois, con retranca, dalgunha cousa que se conseguiu, das cadeiras do Campus Auga. Os estudantes de Aeroespaciais estiveron 4 anos en cadeiras da praia. Tamén é certo que xa se arranxou.

Iván Area pertence a un departamento cunha idade media moi elevada.

Campus de Vigo: no 2006 se falaba dos desequilibrios das áreas de coñecemento en relación coas folgas, e seguimos igual. Tema Folgas: é un problema histórico, seguemos sen chegar a acordos. Quizais bonificar ao profesorado que ten mais alumnos, ou recoñecer a carga burocrática de determinados postos de direccións, subdireccións dos centros, decanatos, departamentos, que teñen que facer algúns docentes.

Parte do seu traballo ten que ver coa organización das probas PAU e o chamamento á matrícula. Conseguimos superar o problema con SIGMA. Competimos con outras universidades galegas públicas, e as do resto do Estado, para captar alumnado, trátase de calidade, non de cantidade. Temos que ser quen de publicar os concursos de profesorado antes que as outras universidades, e ofrecer as mellores condicións posibles. Temos que ser quen de captar os mellores para a nosa institución. Se o problema é administrativo, temos que cambiar algúns da parte administrativa. Un exemplo sería que se teña que rematar un concurso para que poidan tomar posesión. Fai unha somera referencia á inexistencia do voto electrónico. Fala por último de natalidade, xa que dentro duns anos teremos un 35% menos de estudantes de bacharelato. Se contratamos ao mellor profesorado posible, o estudantado será quen de apreciar ao bo profesorado.

Engade que remitirá a súa intervención para que conste na acta (non consta que remitira ningunha intervención á Secretaría Xeral).

O reitor cede a palabra a Íñigo Cuiñas Gómez:

Na súa intervención fala facendo unha pequena metáfora sobre as regatas entre Oxford e Cambridge. Estas embarcacións levan 8 remeiros e un timonel, que é o que vai dando as ordes. Imaxinemos que o reitor de Oxford toma unha decisión audaz, que consiste en que todos os que alcancen unha determinada capacidade ou nivel de desempeño, poden promoverse a timoneis, polo que cada ano redúcese o número de remeiros e increméntase o de timoneis. Oxford caería no seu liderazgo se tivera tantos timoneis. A liga tería un límite salarial que impediría ter máis timoneis, polo que non hai remuda. A consecuencia que ten que ver coa Universidade de Vigo é que se converte unha decisión estratéxica nun dereito laboral. Hai grupos de investigación, hasta departamentos enteiros, nos que a porcentaxe de catedráticos é enorme, pero non se pode incorporar xente máis nova para xerar unha universidade máis potente. E ademais, como temos un límite na masa salarial, non se poden incorporar valores novos. Cada ano que pasa a situación complicase máis. Onte saíu un listado provisional de acreditados, corrixido, o que hai que agradecer, agora hai moitos máis no listado. Se se observan os números, na lista de acreditados a catedráticos había 6 que poderíamos considerar de anos previos, pero de golpe hai 29 novos. Na lista de profesores titulares, 14 previos, e 24 novos. E na lista de profesores contratados doutores, había 49 na bolsa (máis 9 interinos), e solo 25 novos, o que da conta de que se incorporan moitos máis por arriba, incidindo na metáfora do comezo da súa intervención. A xente máis nova estase desmotivando para vir traballar á Universidade de Vigo. Hai un límite de recursos, pero poderíanse utilizar doutro xeito e traer máis xente nova. Postdocs: ao estar excluídos, antes de que saquemos as prazas, se hai outras universidades con oferta se irán porque se desaniman coa nosa oferta, cun efecto de desmobilización. Situación non moi acaída. Non hai unha política real de profesorado. Hai unha huída cara adiante. A cuestión é como queremos equilibrar a universidade. Limitada captación por abaixo, sen faltar a ninguén. Criterios cambiantes e non claros, non son os mesmos que había ata un ano.

Fala da decisión audaz de implantar Sigma ao loco. Comenta por último tamén que a promesa do ano sen docencia estase computando como un ano sabático, polo que non lle serve a efectos de méritos.

O reitor intervén para dicir que iso hai que arranxalo porque non era esa a intención.

O reitor cede a palabra a Coral del Río Otero:

Fala moi molesta polo que dixo o reitor. Foi a primeira directora de Igualdade da Universidade de Vigo, e sempre colaborou coas Unidades de Igualdade sen importarlle a cor dos equipos de goberno; premio Ernestina Otero do Concello de Vigo en Igualdade, tamén un premio da Universidade de León en Igualdade. Abstívose en todas as propostas dese día.

Comenta que se chaman “Nós Universidade” e son un grupo da oposición. Moi feo o que dixo, que non viña a conto. Comenta que remitirá a súa intervención, que é a que se adxunta a continuación:

“Intervención de Coral del Río Otero en el Claustro del 19-09-2024.

En el e-mail que Nós-Universidade envié recentemente a las listas de correo de la UVigo se solicitaba la comparecencia del señor Rector en el Claustro para explicar su política de profesorado ....

¿Por qué?

En primer lugar, porque consideramos que dicha política es errática en muchos aspectos. Esto se constata, por ejemplo, en los múltiples cambios acontecidos en la dirección del vicerrectorado de profesorado. Cambios que, además, se han venido produciendo en los momentos más inoportunos y de mayor carga de trabajo. Hagamos memoria: empezó el segundo mandato, en 2022, con



Alfonso Lago Ferreiro como vicerrector; cuando en 2023 estábamos a punto de empezar a elaborar el siguiente POD, se divide el vicerrectorado y se sitúa a Patricia Valcárcel Fernández al frente de Profesorado; un año después, en 2024, se cesa a Patricia y se nombra a Martín López Nores, nuevamente (y al igual que ocurrió en los ejercicios anteriores) acumulando un retraso considerable en la elaboración de los PODs por no tener la información actualizada a tiempo, lo que se ha repetido año tras año. Todo ello aderezado con los problemas que el trasiego Xescampus-SIGMA-Xescampus está provocando. Recientemente, en medio de la negociación del Plan Integra con la Xunta, se nombra a la cuarta vicerrectora, Adela Sánchez Moreiras. Por cierto, ¿quién defendió los intereses de la UVigo a la reunión de finales de julio donde se discutió este tema? Yo probablemente acabe mi periodo en la dirección de mi departamento habiendo elaborado cuatro PODs, cada uno de ellos con un vicerrector o una vicerrectora diferente. Y éste no es un vicerrectorado sencillo, precisamente. Es complejo y central en toda política universitaria, a corto, medio y largo plazo. Resumiendo: un despropósito.

¿Esto tiene costes? Muchísimos. Por ejemplo, cuando la nueva vicerrectora de profesorado presentó sus líneas de actuación a las direcciones de departamentos, a principios de este mes, dijo que iba a aplicar “sus propios” criterios a la hora

de sacar las plazas de Ayudantes Doctores. Criterios que, afirmó, no tienen por qué coincidir con los “anteriores”. Esto, de facto, supone un “borrón y cuenta nueva” respecto de los contratos-programa ya acordados, aprobados y firmados con las direcciones de departamentos, y muestra una profunda desconfianza, no sólo sobre lo ya pactado, sino incluso sobre la información acumulada por “su” vicerrectorado a lo largo de este último año y medio. Que esto lo haga un “nuevo” equipo rectoral, que llega fruto de un proceso electoral se entiende. Que lo haga un mismo equipo, cuando sólo cambia la persona que dirige el vicerrectorado (la cuarta en los últimos 2 años y medio) es inconcebible, y muestra, una vez, los bandazos de la política de profesorado a lo largo de todo este segundo mandato.

En segundo lugar, solicitamos este Claustro porque, además, estamos profundamente en desacuerdo con las políticas de profesorado fuertemente priorizadas por este equipo rectoral. Por ejemplo, mantener como objetivo central, casi diría que único, y cueste lo que cueste, que las bolsas de acreditados/as a titulares y catedráticos/as se vacíen “ipso facto”. Y remarco esto de “cueste lo que cueste” e “ipso facto” porque es crucial a la hora de valorar la política desarrollada. Siendo la promoción y el desarrollo ordenado de la carrera académica un objetivo importantísimo, diría que vital, si queremos fomentar y retener el talento, no es menos cierto que esta política no puede ser diseñada a partir de objetivos maximalistas, como el mencionado, sino que requiere de un análisis previo de los costes y beneficios que genera. La salud financiera de la institución lo agradecería. Hoy en día, la bolsa de catedráticos/as está prácticamente vacía (si exceptuamos las últimas incorporaciones), y a la vez, tenemos el gasto del Capítulo 1 absolutamente disparado, comiéndose los remantes previos, como hemos venido remarcado en anteriores Claustros. No siendo esto suficiente, convivimos con un elevado porcentaje de horas de docencia de Grado que, en algunos ámbitos, se están cubriendo, año tras año, con contratos de “listas de agarda”, invitados/as y similares. Esto supone un desequilibrio insostenible y una merma en la calidad de la docencia. Las listas de agarda deberían estar para afrontar emergencias. No deberían utilizarse para cubrir reiteradamente docencia estructural de Grado, y hoy, en nuestra universidad, esto es lo que está sucediendo. Esto es una obviedad y, sin embargo, muchos departamentos están empantanados con listas “agotadas” que, cada vez en mayor medida, se muestran incapaces de ofrecer contratos mínimamente atractivos, tanto por los sueldos que ofrecen como por las restricciones que imponen.

Simultáneamente a todo esto, la política de profesorado (unida a la de investigación) de este equipo rectoral ha eliminado cualquier medida que pudiese realmente equilibrar las plantillas por ámbitos. Casi la única forma que han tenido los departamentos para renovar plantillas (ante las sucesivas jubilaciones que venimos experimentando) han sido las contrataciones que han permitido los/as Ramón y Cajal o los programas de contratación de doctores/as, como son los

programas posdoctorales de la Xunta, etc. Se responsabiliza a los departamentos de no mejorar sus plantillas por no saber aprovechar estas oportunidades de contratación. Pero en algunos ámbitos y áreas la captación de un Ramón y Cajal es extremadamente difícil, casi una utopía. Por ejemplo, en Economía salieron recientemente 12 plazas para toda España, siendo imposible competir con los grandes trasatlánticos (léase UC3M, Pompeu Fabra y Autónoma de Barcelona, cuyos departamentos de economía no es que sean los mejores de España, es que se sitúan entre los mejores de Europa). Para cerrar este círculo, y situarnos en el equilibrio malo en que nos hallamos, las convocatorias internas de investigación, como el programa de retención de talento, premian la rapidez en alcanzar publicaciones y no tanto su calidad, lo cual vuelve a generar desequilibrios al penalizar más a unos ámbitos que a otros. Veamos, por ejemplo, el art. 5 (avaliación e selección) del Programa de Retención de Talento, que dice lo siguiente:

“Se o número de solicitantes é superior ao de prazas dispoñibles, as persoas solicitantes ordenaranse seguindo os seguintes criterios de prelación:

- Terán precedencia en primeiro lugar, as persoas aspirantes con acreditación como profesor/a titular de universidade e acreditación R3/I3.
- En segundo lugar as persoas aspirantes con acreditación como profesor/a contratado/a doutor ou PPL e acreditación R3/I3.
- En terceiro lugar, as persoas con acreditación a profesor/a titular de universidade, sen acreditación R3/I3.
- En cuarto lugar, as persoas con acreditación a contratado/a doutor ou PPL sen acreditación R3/I3.
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, as solicitudes ordenaranse, en primeiro lugar, pola data de obtención da acreditación correspondente.
- En segundo lugar pola data de certificación do I3/R3.
- En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
- En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
- En caso de igualdade nos catro criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
- Como derradeiro criterio procurarase un reparto equilibrado entre os catro ámbitos de investigación (científico, tecnolóxico, humanístico e xurídico-social).”

No es hasta el décimo lugar que aparece el “reparto equilibrado entre os catro ámbitos”. O sea, que sólo si hay igualdad en los 9 primeros criterios entre dos solicitantes (lo que incluye igualdad en la edad, ¿igualdad en el año, el mes y el día de nacimiento?) se aplica este último criterio. Parece una broma, pero esta es la normativa que propuso el equipo rectoral y la que se aprobó recientemente en el Consello de Goberno.

A todo esto se une una política de captación de investigadores/as altamente citados poco transparente y, aparentemente, entregada a la “dictadura” del “cuantas más citas, mejor”, sin más matices ni precauciones. Citas que, por cierto, hicieron que la UVigo fuese tristemente protagonista en un extenso reportaje de El País sobre los posibles “fraudes” que se esconden detrás de currículos “dopados”. ¿Qué sabemos de la comisión externa que el Rector prometió constituir para analizar la posible existencia de estos casos en nuestra universidad? Entiendo que la presión mediática es enorme cada vez que aparece un ranking de universidades, pero ser Rector exige en éste, como en otros muchos caos, la valentía suficiente para ir a contracorriente y explicar a la opinión pública que las cosas no son siempre lo que parecen, y que un currículum con cientos de publicaciones anuales y miles de citas puede esconder estrategias académicas muy poco edificantes. A lo largo de los años se ha constatado, además, que esta política de captación de talento no sólo está mal diseñada sino que nuevamente ha “reforzado” la contratación de personal en áreas muy concretas, ya bien dotadas, mientras la mayoría son totalmente ignoradas.

Estos son sólo algunos ejemplos de lo que está sucediendo en nuestra universidad. NO hay políticas de reequilibrio entre ámbitos y, como Nós-Universidade ha expuesto en repetidas

ocasiones en los órganos de representación, esto se traduce en fuertes desigualdades estructurales entre ámbitos cuando se comparan plantillas. Para Nós-Universidade el reequilibrio entre ámbitos debería ser un tema central dentro de la política de profesorado de la UVigo y, en la actualidad, no solo es que esté ausente, sino que las políticas implementadas refuerzan dichos desequilibrios. No compartimos con este rectorado ni el diagnóstico de la situación, ni los objetivos que deberían guiar la política de profesorado. Estamos ante una política de profesorado ERRÁTICA y ERRADA, que no se enfrenta a los desafíos que plantean la urgente renovación de las plantillas y, por qué no decirlo, la competencia “desleal” de las universidades privadas. Más bien al contrario, se trata de una política que fomenta y cronifica las desigualdades por ámbitos y por tipos de contratos, y es por eso que nos situamos clara y decididamente en la oposición a la misma”.

O reitor cede a continuación a palabra a Javier Hervés:

